

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015111	CPI Aurelio Marcelino Rey García	Cuntis	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	6º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	11

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 6º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O grupo de 5º EP, está composto por 17 alumnos e alumnas (6 nenos e 11 nenas) mesturados de 6ºA e 6ºB, con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 10 e os 11 anos.

A metodoloxía da materia está baseada no modelo SEM onde se buscará fomentar o talento e a creatividade do alumnado. Polas características curriculares da área permite adaptar, de xeito integral, os contidos aos intereses e capacidades do alumnado.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun CPI dunha zona rural con menos de 5000 habitantes. O centro conta con catro aulas de educación infantil, dez de educación primaria e seis de educación secundaria.

Esta programación desenvolverase en tres unidades didácticas. A primeira unidade didáctica servirá para coñecer os intereses e preferencias do alumnado e as dúas seguintes terán a forma de dous miniproxectos coa única premisa de que estes proxectos teñen que estar relacionados co Proxecto Documental de Centro, que este ano desenvolve o tema transversal: "Que quero ser?"

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Quero ser... o que eu queira ser	Servirá como avaliación inicial e para detectar os intereses e talentos do alumnado.	10	5	X		
2	Quero ser... Episodio I	Proxecto colaborativo para desenvolver o tema transversal	45	15	X	X	
3	Quero ser... Episodio II	Proxecto colaborativo para desenvolver o tema transversal	45	15		X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Quero ser... o que eu queira ser	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a temática do proxecto	TI	100
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Propoñer posibles solucións ás incidencias		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.

UD	Título da UD	Duración
2	Quero ser... Episodio I	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a temática do proxecto	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Valorar os materiais necesarios		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar a información que se precisa		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar a secuencia das actuacións, nun espazo temporal aproximado.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Propoñer posibles solucións ás incidencias		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto realizado		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal correcta		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal correcta		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Controlar as emocións negativas		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> </ul>

### Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
3	Quero ser... Episodio II	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a temática do proxecto	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Valorar os materiais necesarios		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar a información que se precisa		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar a secuencia das actuacións, nun espazo temporal aproximado.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Propoñer posibles solucións ás incidencias		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto realizado		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal correcta		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal correcta		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Controlar as emocións negativas		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o dous miniproxectos en relación co PDI de centro: Que quero ser? A metodoloxía utilizada será a do modelo SEM que se basea no modelo de enriquecemento triádico pola que se realizarán tres tipos de actividades:

- Actividades tipo I: aquelas actividades que servirán de motivación para iniciar os proxectos.
- Actividades tipo II: aquelas que desenvolven contidos curriculares de diferentes áreas.
- Actividades tipo III: aquelas que son as que conforman o produto final que deberá ser exposto ante a comunidade educativa.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo agrupados por interese de temática ou de expresión do produto final. Estas agrupacións variarán ao longo do curso e serán creadas despois de pasar o portfolio fo talento que nos axudará a coñecer os intereses e expresións artísticas que máis gustan ao alumnado do grupo.

Nesta área, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias Sociais (coñecemento de diagramas de barras, mapas, ...)
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

orientación no espazo

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

<b>Denominación</b>
Materiais funxibles: papel, ceras, pinturas, regras, plastilina, madeira...
Ordenador Edixgal
Materiais non funxibles: cámara fotográfica, Robot Mbot...

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Ao formar parte do proxecto E-Dixgal cada alumno disporá dun ultraportátil que se poderá usar para a busca de información relacionado co proxecto, gravación de audios, edición de vídeos...

Os materiais enumerados arriba son variados, xa que estes dependerán do produto final que o alumnado decida para o seu proxecto.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Respecto á avaliación inicial da área podemos comentar que as primeiras sesións servirá para coñecer as preferencias e intereses do alumnado a través do portfolio do talento, así como para buscar o tema do proxecto que desexen realizar.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	45	45	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación da área se basearán en rúbricas e listas de cotexo onde se valorarán aspectos relacionados con aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza,...

Todas as actividades do modelo SEM terán unha ponderación diferente. As actividades tipo I (10%), as tipo II (40%) e as tipo III ou produto final (50%).

Como no primeiro trimestre non hai exposición do produto final o peso desta unidade terá un peso do 20% na cualificación final da área. Como no 2º e 3º trimestre si que haberá produtos finais a cualificación destes trimestres terá unha ponderación do 40%, respectivamente, na cualificación ordinaria.

### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde, limpeza...

A nota de dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

## 6. Medidas de atención á diversidade

No 6º curso do centro podemos comentar que dentro dos grupos hai:

- Un alumno con trastorno da comunicación e da linguaxe que ten un Trastorno do Espectro Autista. Con este alumno se tomarán as seguintes adaptacións:

- Usar apoios visuais para as explicacións das tarefas



- Asegurarse de que entende a tarefa antes de empezar
- Anticipar as tarefas e actividades que se van a realizar e avisar con antelación dos cambios de actividade.
- Poñer preto da mestra na explicación das diferentes actividades.
- Facer grupos por criterios emocionais buscando a complicidade cos/as compañeiros/as.
- Estructurar e indicar de xeito claro o espazo onde se desenvolve a actividade.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

### Observacións:

No traballo de desenvolvemento dos mini-proxectos será necesario utilizar os elementos transversais sinaladas enriba.

Para establecer as dinámicas de traballo en grupo cooperativo teremos en conta os seguintes elementos transversais:

- A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A maiores, segundo a temática do miniproxecto, o alumnado poderá desenvolver, de xeito específico, contidos relacionados cos elementos transversais sinalados nos parágrafos anteriores.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades tipo I( motivación)	Charla de expertos	X	X	
Actividades tipo III (Exposición do produto final)	Participación na feira de proxectos do centro.			X

### Observacións:

Segundo a temática dos proxectos elixidos buscaremos "expertos" (persoas que teñan experiencia na temática elixida para os proxectos) para buscar a motivación necesaria para iniciar a tarefa. Buscaremos estas persoas expertas no contorno próximo do alumnado (concello de Cuntis, familias, antigo alumnado, alumnado da ESO...). A exposición dos produtos finais realizarase na feira de proxectos de finais do mes de maio e estará aberta a toda a comunidade educativa

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función dos mini-proxectos elixidos
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización dos mini-proxectos
Evolución da dificultade e da calidade dos mini proxectos
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado no deseño das actividades
Clima de traballo na aula
Grao de satisfacción do alumnado co desenvolvemento da área

#### Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento dos mini proxectos se aproximen á temporalización programada. As datas de exposición serán para o primeiro mini proxecto para o día de Rosalía e o segundo coincidindo coa feira de proxectos do centro (finais de maio).

O documento elaborado para levar dito seguimento será o de control de cada mini proxecto onde se establecerá a folla de ruta e a temporalización de cada grupo en relación ao proxecto proposto.

## 9. Outros apartados